

1 Le estas abreviaturas con atención e escríbeas debaixo do debuxo correspondente.

pza.

estr.

esc.



estrada

praza

escaleira

2 Relaciona cada palabra coa súa abreviatura.

departamento

asinado

dicionario

dpto.

asdo.

dic.

dic.

dpto.

asdo.

dicionario

departamento

asinado

3 Escribe as palabras que corresponden a estes símbolos.

• + ▶ máis

• mm ▶ milímetro

• km ▶ quilómetro

• € ▶ euro

4 Volve escribir este texto substituíndo as abreviaturas que atopas polas palabras completas que representan.

O Sr. dir. foi á admón. da r. Cumio para presentar uns papeis. Tiña que dirixirse ao dpto. de Educación, e preguntar na 2.<sup>a</sup> pta. por D. Xosé M.<sup>a</sup> Rguez. Todo foi máis fácil do que esperaba!

O señor director foi á adminstración da rúa Cumio para presentar uns papeis. Tiña que dirixirse ao departamento, e Educación e preguntar na segunda planta por Don Xosé María Rodríguez.

Todo foi máis fácil do esperado.

- 1 Le esta receita e ordena os pasos para preparala.

### AMORODOS CON ZUME DE LARANXA

1. Comer rapidamente para que se conserven todas as vitaminas.
2. Cortar as laranxas pola metade e espremelas con forza empregando o espremedor. Se é eléctrico, pedirlle axuda a un adulto.
3. Escoller os mellores amorodos e lavalos.
4. Espremer as laranxas ata chegar á monda.
5. Coa axuda dun adulto, cortar os amorodos en 4 anacos e colocalos nun bol.
6. Escoller tres laranxas ben maduras para preparar o zume.
7. Empregar un coador para coar o zume no caso de que a polpa non sexa do noso gusto.
8. Botar o zume de laranxa no bol por riba dos amorodos.

A orde correcta das instrucións é:



- 2 Localiza na seguinte táboa as palabras que sexan idénticas á palabra destacada que aparece nas anteriores instrucións.

<b>monda</b>	mundo	mango	manga	<u>monda</u>	manda	mona	<u>monda</u>
<b>bol</b>	boli	bola	<u>bol</u>	bóla	<u>bol</u>	bolo	<u>bol</u>
<b>zume</b>	zuna	<u>zume</u>	zumba	<u>zume</u>	zunir	<u>zume</u>	cume
<b>adulto</b>	aduldez	<u>adulto</u>	adular	adubar	<u>adulto</u>	adulterar	<u>adulto</u>

- 3 Busca as tres palabras do texto que se agochan en cada unha destas notas e escríbeas.

pol co  
a pa dul  
to a dor

polpa

coador

adulto

es la pre  
ran me xa  
bol dor

espremedor

laranxa

bol

vi for mi  
cos a za  
na ta nas

vitaminas

anacos

forza

- 1 Le atentamente as instrucións desta receita e presta moita atención a todos os seus datos.

### AMORODOS CON ZUME DE LARANXA

1. Escoller os mellores amorodos e lavalos.
2. Coa axuda dun adulto, cortar os amorodos en 4 anacos e colocalos nun bol.
3. Escoller tres laranxas ben maduras para preparar o zume.
4. Cortar as laranxas pola metade e espreselas con forza empregando o espremedor. Se é eléctrico, pedirlle axuda a un adulto.
5. Espreser as laranxas ata chegar á monda.
6. Empregar un coador para coar o zume no caso de que a polpa non sexa do noso gusto.
7. Botar o zume de laranxa no bol por riba dos amorodos.
8. Comer rapidamente para que se conserven todas as vitaminas.


- 2 Sen volver ler o texto, indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

	V	F
Cómpre cortar as laranxas en catro anacos.		X
Se che gusta a polpa debes coar o zume.		X
Hai que espreser a laranxa con forza para sacarlle o zume.	X	
As vitaminas consérvanse moito tempo.		X
Se o espremedor é eléctrico débenos axudar un adulto.	X	
O zume bótase nun batedor.		X

- 3 Rodea dez palabras que aparezan no texto sen volvelo mirar.

- laranxa
- líquido
- bebemos
- cortamos
- bol
- pídelle
- mandarina
- coar
- monda
- forza
- espreser
- amorodos
- electricidade
- escolle
- mesturar

- 4 Tapa o texto cun papel e rodea os elementos que precisas para facer a receita.



Nome: .....

Data: .....

Curso: .....

Le atentamente o texto e responde as seguintes preguntas.

**CONSELLOS PARA AFORRAR AUGA**

Non deixes correr a auga do lavabo.

Usa cisternas de carga duplo.

A ducha gasta menos auga que a bañeira.

Enche a lavalouza e a lavadora antes de pólas a funcionar.

Lavando a louza en barreños aforramos moita auga.

Pecha un poucoiño a chave de paso, para que saia menos cantidade de auga.

Amoña as billos para que non perdan auga.



COMUNIDAD DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE COMISIÓN NACIONAL DE REGULACIÓN ECONOMICA DEL AGUA DE ESPAÑA

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

**1** Cal é o tema principal do texto?

Anunciar un produto.

Usar ben os electrodomésticos.

Detectar unha fuga de auga.

Non malgastar auga.

Nome: ..... Data: ..... Curso: .....

## 2 Por que é importante amañar as billas para aforrar auga?

- Porque así sae menos cantidade de auga cando as abrimos.
- Porque se as deixamos frouxas poden desmontarse por completo e deixar de funcionar.
- Porque se caen gotas de auga todo o tempo, o lavado ensúciase.
- Porque ao longo do día as gotas que se perden poden formar unha gran cantidade de auga.


## 3 Quen elaborou este texto?

- Os traballadores dun xornal.
- Os publicistas dunha revista.
- O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio ambiente.
- A Televisión de Galicia.

## 4 Cal é o obxectivo principal deste texto?

- Explicarlle á xente cales son as consecuencias de non aforrar auga.
- Dicirlle á xente que a auga é mala para a saúde.
- Contar cales son os pasos para arranxar os aparellos que perden auga.
- Dar ideas e exemplos de como non malgastar auga.

## 5 Le con atención o nome dos seguintes obxectos e sen mirar o texto rodea os que aparecen nel.



## 6 Atopa no texto a palabra que corresponde a cada unha das seguintes definicións.

- Depósito de auga dun inodoro. ▶ Cisterna
- Aparello que bota a auga en forma de chorro para lavar o corpo. ▶ Ducha

## 7 Que fas ti para aforrar auga? Pensa noutros consellos para aforrar auga e explícaos.

Resposta libre.

1 Rodea os suxeitos e subliña os predicados das seguintes oracións.

- Alexandre fixo unha torta deliciosa de mazá con crema.
- Os alumnos de 4.º gañaron a olimpiada de matemáticas.
- Clara e mais a súa nai adoptaron un canciño moi bonito.
- O noso can e o noso gato pórtanse moi ben, sempre xogan xuntos.

2 Nestas oracións falta o suxeito, inventa un para cada unha.

- **Os amigos de Xan** (eles) ..... foron ao cine pola tarde.
- **Pepe máis eu** (nós) ..... representamos a obra de teatro da escola.
- **Eu** ..... camiño cada día porque é importante facer deporte.

3 Escribe unha oración para cada debuxo, con suxeito e predicado.

a



b



c



..... **Débora e o avó** **contan** **ata cen en inglés.**

..... **A familia de Xiana** **mira os debuxos animados tódolos días.**

..... **As miñas irmás máis eu** **divertímonos xogando a oca.**

4 Transforma as seguintes oracións segundo o tipo indicado entre parénteses.

- Sabela, lavaches as mans?  
(imperativa) ▶ **Vai lavar as mans, Sabela.**
- Os seus amigos virán despois.  
(dubitativa) ▶ **Non sei se os seus amigos, virán despois.**
- Gústanme as verduras da horta de Carme.  
(exclamativa) ▶ **Como me gustan as verduras da horta de Carmen!**